



Rúa Montero Ríos s/n
36930 Bueu
T/F 986 321 838
museo.maso@xunta.es

Horario

Luns: pechado

Martes a sábados:

de 10:00 a 20:00 horas.

Domingos e festivos:

de 10:00 a 14:00 horas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

ACTIVIDADES

primavera 2009



XUNTA DE GALICIA

MUSEO



CONFERENCIAS

17 de abril ás 20 horas.

Fisioloxía e vida dos cetáceos.

Nuria Alemany Posadas, doutora do Departamento de Anatomía e Produción Animal da Facultade de Veterinaria de Lugo (USC)

Os cetáceos, mamíferos perfectamente adaptados ao medio mariño, posúen uns mecanismos fisiolóxicos que son o resultado dun proceso evolutivo duns 50 millóns de anos. A súa evolución, a fisonomía e os aspectos básicos da vida destes mamíferos serán obxecto de análise nesta conferencia.

24 de abril ás 20 horas.

O patrimonio mergullado en Galicia.

Javier Luaces Anca, Arqueólogo subacuático.

O fondo marítimo galego agocha unha enorme riqueza arqueolóxica. O estado dos pecios, o nivel de protección actual ou a avaliación das posibilidades de aproveitamento cultural, serán tratados neste relatorio. Así mesmo, farase mención especial ao estado deste patrimonio nas rías de Pontevedra e Vigo.

PROXECCIÓN DE DOCUMENTAIS

Abril: sábado 18 e domingo 19, ás 13 horas.

Batea afundida

(Manuel Uhía, 1993)

Produción: Productora Faro S.A., Marevisión

Duración: 22 min.

A batea afundida presenta os microorganismos e outras formas de vida que se poden aloxar nun pecio; neste caso, unha vella batea situada nunha das nosas rías. A visita a este microcosmos sorprenderá ao espectador pola súa beleza e complexidade, achegándoo a un mundo misterioso e descoñecido.

(En colaboración co CGAI)

Maio: venres 22 e sábado 23, ás 19,30 horas

Baleeiros do Norte

Guión e dirección: Francisco Garrido

Duración: 30 min. a 1ª parte; 30 min. a 2ª parte.

Este documental trata o aspecto industrial da caza da balea en Galicia, abarcando un período que vai desde, aproximadamente, 1950 a 1986. A primeira parte está dedicada a baleeira de Cangas mentres que a segunda se centra na de Caneliñas (Cee). Imaxes antigas mesturanse con outras do estado actual das factorías e serven como marco a intervencións dos traballadores daqueles anos, nas que rememoran e dan vida a unha época xa pechada.

Maio: venres 29 e sábado 30 ás 19,30 horas

Os oficios do mar de Galicia

(Juan Carlos Rodríguez Sánchez, 2003)

Produción: Galicia Media

Duración: 25 min.

(En colaboración co CGAI)

ACTIVIDADES

8 de maio ás 20 horas

Peter Punk

Espectáculo cómico para todos os públicos a cargo do *clown Isaac Rodríguez Miranda*. Peter Punk xoga co público usando a palabra e todos os aparellos que leva na súa maleta. Malabares con bolas, aros, mazos, globoflexia e monociclo, conforman unha divertida función multidisciplinar. Duración: 60 minutos

15 de maio ás 20 horas

Contos proxectados

A contacontos *Raquel Galavís* realiza un percorrido por diferentes contos galegos apoiándose en proxección de imaxes das magníficas ilustracións deses relatos.

Duración: 50 minutos

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

ONS. A illa no 2007.

Inauguración en xuño.